

## BASES DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “O PRACER DE LER 2009”

Co motivo da celebración do Día do Libro do 23 de abril de 2009, a Biblioteca Municipal do Porriño convoca un concurso de fotografía que ten como obxecto a promoción da lectura e a dinamización da referida festividade.

### TEMÁTICA

- A temática das fotografías a presentar versará sobre calquera aspecto relacionado co mundo da literatura, lectura e do libro, primando a idea que emana do propio nome do concurso "O pracer de ler".

### PARTICIPANTES E FOTOGRAFÍAS

- Participarán en concurso único tódalas persoas que así o desexen, sen diferenciación de idades, e co número de fotografías que estimen oportuno. As fotografías presentadas poderán ser en cor ou branco e negro, de dimensións libres, pero sempre en formato dixital e por correo electrónico.
- As obras deberán ser orixinais, inéditas e non ter sido premiadas nin recoñecidas ou seleccionadas noutros certames. Asemade, deberán estar libres de dereitos que poidan posuír terceiros.

### FORMA DE PRESENTACIÓN

- As fotografías enviaranse por correo electrónico á dirección [biblioteca@centroculturalporrino.com](mailto:biblioteca@centroculturalporrino.com) como arquivo achegado, incluíndo no apartado “Asunto” a especificación “O Pracer de ler 2009”.
- No corpo da mensaxe incluíránse os datos: nome completo do autor, enderezo postal, número de teléfono, data de nacemento e DNI.
- Só se admitirá unha fotografía por cada correo, en formato JPEG/JPG de tamaño non superior a 2 megas. Cada autor poderá enviar os correos que estime oportunos.

### PRAZO DE ENTREGA

- O prazo máximo de recepción das fotografías será as 12,00 horas do día 13 de setembro de 2009.

### XURADO E FALLO:

- O xurado estará composto por membros do departamento de Cultura do Concello do Porriño, ou persoas nas que deleguen. O fallo do xurado darase a coñecer nos medios de comunicación, ademais de comunicarse persoalmente ao gañador por teléfono.

#### PREMIO:

- Concederáse un único premio de 600 €. sometido á retención que exprese a lei. No caso de que o gañador sexa menor de idade na data de remate de presentación das fotografías, substituirase o diñeiro por un agasallo (cámara dixital e/ou material fotográfico) dun valor aproximado.

#### EXPOSICIÓN:

- Coas fotografías presentadas a concurso realizarase unha exposición virtual na páxina web da biblioteca  
<http://www.centroculturalporriño.com/BIBLIOTECA.htm>.

#### DEREITOS PATRIMONIAIS DE EXPLOTACIÓN DA FOTOGRAFÍA PREMIADA:

- De conformidade co previsto na Lei de Propiedade Intelectual, o autor da fotografía premiada, sen prexuízo dos dereitos morais que lle corresponden, cede á Biblioteca Municipal do Porriño, co carácter de exclusividade, os dereitos patrimoniais de explotación da fotografía gañadora.
- A presentación dunha fotografía a este concurso supón a autorización expresa da súa reprodución en calquera formato que se estime necesario para a divulgación do concurso e da biblioteca, especialmente no referido á súa promoción, difusión, comunicación e exhibición, incluídos exposicións, catálogos e páxinas web.

#### ACEPTACIÓN DAS BASES:

- A participación neste concurso supón a aceptación total das presentes bases e fallo do Xurado. O Xurado queda facultado para dirimir calquera eventualidade non prevista nelas.